



Lectura de textos – Cultura clásica

A [Biblioteca Nacional de España](#) celebra a sexta edición do Día das Escritoras, unha iniciativa que a BNE organiza en colaboración coa [Federación Española de Mulleres Directivas, Ejecutivas, Profesionales e Empresarias](#) (FEDEPE) e coa [Asociación Clásicas e Modernas](#) co obxectivo de reivindicar o labor e o legado das escritoras ao longo da historia.

Nesta sexta edición, o tema elixido é **Ler as idades da vida**, en torno ao cal xira a selección dos textos e as autoras. Desde a Biblioteca Escolar sumámonos á celebración, uníndonos así á iniciativa das Bibliotecas Escolares de Galicia. Coa lectura deste texto, homenaxeamos este 18 de outubro a estas autoras:

Anisia Miranda

De https://gl.wikipedia.org/wiki/Anisia_Miranda :

Anisia Miranda Fernández, nada en Ciego de Ávila (Cuba) o 30 de decembro de 1932, e finada en Gres, Vila de Cruces, o 22 de outubro de 2009, foi unha escritora cubano-galega en lingua galega e lingua castelá, filla adoptiva do Concello de Vila de Cruces. Casou co escritor galego Xosé Neira Vilas, en 1957, ano no que xuntos fundaron a editorial e distribuidora de libros en galego Follas Novas. Na Arxentina comezou un importante vínculo coa cultura galega, recibindo clases de galegos no exilio como Eduardo Blanco Amor, Alberto Vilanova, Rafael Dieste, Antón Baltar ou Ramón de Valenzuela.



O texto escollido é un fragmento de **Mitos e lendas da vella Grecia**, (4ª ed.). Edicións do Castro, 1996. (Páxs. 7-10)

«O que chamamos Antiga Grecia, ocupaba o sur da península dos Balcáns, todas as illas do mar Exeo, e as costas occidentais da Asia Menor. Ademais os gregos fundaran colonias en España e Francia, no sur de Italia e Sicilia, e no norte de África. Tamén estableceron factorías nas costas dos Dardanelos, no mar de Mármara no mar Negro.

A natureza dividiu a Grecia continental en tres zonas: a do norte, a do centro e a do sur. As rexións máis coñecidas naqueles tempos eran: no norte, Epiro, Tesalia e Fócide; no centro, Beocia e Ática; no sur, Mesenia, Laconia e Argólide. Este extremo sur de Grecia chamábase Peloponeso.

Foron famosas as illas de Creta, Lesbos, Quío, Samos, Rodas, Eubea, Delos e Paros. Os amigos poboadores de Grecia cultivaban viñedos, cereais e oliveiras. Gozaban dun clima tépedo e de fermosas paisaxes, aínda que o chan non era moi úbedo. Isto fixo que adicasen os mellores esforzos á gandería, e chegaron a ter grandes fados de ovellas, cabras, porcos e cabalos.

Dende épocas moi remotas, os gregos foron bos navegantes, e como todos os pobos daqueles lonxanos tempos, a súa historia está chea de guerras. Guerras de defensa e guerras de conquistas en expedicións agresivas que foron o comezo da expansión dos seus dominios ao longo das costas do Exeo e de todo o Mediterráneo.

Hai máis de vinte e oito séculos os gregos das illas do mar Exeo e da Grecia continental, crearon uns deuses que aínda nos nosos días teñen vixencia, non relixiosa, pero si literaria.

Estes deuses, adoptados e adaptados polos romanos, pasaron a formar parte do que chamamos *cultura occidental*, e, de feito, entraron tamén na nosa imaxinación, formando algo así coma un subconsciente cultural.

É usual dicir, por exemplo, cando contemplamos unha grande obra, que é unha obra de *titáns*. Se alguén executa unha empresa perigosa falamos dunha *odisea*. Cando vemos a unha persoa bonita, representámonos a Venus ou a Apolo. Unha deportista pode recordarnos a Diana cazadora. Un explorador temerario é un *argonauta*. [...]

O culto que os gregos dedicaban ós seus deuses era moi singular. As divinidades, por teren caracteres moi humanos, non lograban acadar un gran respecto. E por iso cando un deus non cumpría co prego que lle facían, collíanlle xenreira. O grego da antigüidade, ademais, non coñecía outra oración que a que imperiosamente dirixía ao seu deus cando estaba a piques de escomezar unha empresa importante.

Facían sacrificios nos altares, case sempre de ovellas, bois, porcos e cabras. Tamén se ofrecían obxectos.



Os ritos que se celebraban nos fogares eran presididos polo cabeza de familia. Os da cidade eran efectuados polo maxistrado ou arconte, como sumo sacerdote que era da relixión do Estado; e os deuses aceptaban todos os seus actos.

Estes costumes, como é doado comprender, deron un gran poder aos gobernantes, que o aproveitaban na propia comenencia, facéndolles dicir aos deuses todo aquilo que conviñese ós seus intereses particulares e aos do seu goberno. »



Actividades:

Neste mapa, e con axuda do profesor se o precisas, coloca todos os nomes xeográficos mencionados no texto.

Península dos
BalcánsMar Exeo

Mar Negro

Mar de Mármara

Asia Menor

Dardanelos

Epiro

Tesalia

Fócide

Beocia

Ática


Mesenia

Lacónida

Argólide

Peloponeso

...



Podedes mirar e corrixir aquí:

https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Mapa_Grecia_Antigua_Duotono.svg

<https://www.cerebriti.com/juegos-de-historia/regiones-y-polis-de-la-antigua-grecia>